

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	4º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 4º de E.Primaria no CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel, de Carral, con distintos niveis socioeconómicos e algúns con dificultades de aprendizaxe, sobre todo en aquel alumnado procedente do extranxeiro que, nos últimos anos, está a chegar ao concello. O centro está dotado con aula propia para a impartición da materia.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que reconece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior.

O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comuñón. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a

natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes expóñense cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristiá e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Novo curso, novos retos!	<p>A Creación desde a perspectiva da fermosa tarefa de vivir con responsabilidade, coidando do mundo que nos rodea. Como asumo responsabilidades no coidado das persoas e da natureza?</p> <p>Coido a miña casa e a casa común (entorno natural e social, como casa común)</p> <p>Relato: A Creación. Mostra do regalo de Deus. Como podemos coidala?</p> <p>Igualdade e dignidade do ser humano e o seu papel no coidado da natureza., comparándoo con relatos bíblicos .Coido as persoas e melloro o mundo.</p> <p>A vida en sociedade, principios e valores: ética do coidado, a responsabilidade Xogo de E. Emocional</p>	14	5	X		
2	Cantos parecidos Contigo!	<p>Personaxes amigos de Deus. Alianza do pobo de Deus no A.T e N.T. O país de Xesús. Como se comunicou Deus no A.T. A Biblia, como libro sagrado para os cristiáns. E como fonte de inspiración para ser mellores persoas. Coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón. Traballamos en grupos.</p> <p>As relacións sociais como fonte de felicidade: traballamos o autoconcepto e responsabilidade de cada un de nós cara os demais. Preparamos distintos relatos para expor na clase aos compañeiros/as.</p>	16	6	X		
3	O mellor agasallo para Nadal!	<p>CALENDARIO LITÚRXICO. Advento e Nadal. ADVENTO: Elaboramos e acendemos unha coroa de Advento na aula</p> <p>NADAL Aniversario de Xesús, nosa identidade como cultura. Significado para os cristiáns. Aprender a saber esperar.</p>	15	5	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	O mellor agasallo para Nadal!	<p>Relato de Nadal. O tempo de Nadal como fonte de inspiración artística: elaboración de manualidades propias destas datas coma 1 Belén con materiais reciclados e personaxes que portan carteis de bos desexos. Tarxeta de felicitación ás familias. Observamos personaxes do Nacemento, nos cadros. Valoramos como con Xesús ninguén se sinte excluído no marco de seu Nacemento. As Benaventuranzas. A debate: Como participo eu na construción dun mundo mais equitativo e inclusivo?</p>	15	5	X		
4	Seguindo teus pasos!	<p>Xesús e os demais. A responsabilidade de todos para con todos Traballamos as situacións inxustas vistas desde a solidariedade e o Amor de Xesús cos relatos Bíblicos e interpretación na aula, da misericordia, a solidariedade, o perdón e o amor coas parábolas: A ovella perdida, O fillo pródigo. O fariseo e o publicano. Comentamos a importancia da resolución de conflitos para ser felices, colaborando na construción dun mundo mais pacífico, cunha obra de arte.</p>	14	5		X	
5	Mirando desde a madeira da túa Cruz!	<p>CALENDARIO LITÚRXICO. Valoramos como con Xesús ninguén se sinte excluído no marco da súa vida. As Benaventuranzas. A debate: Como participo eu na construción dun mundo mais equitativo e inclusivo</p>	15	5		X	
6	Contigo, un grande equipo!	<p>Reflexionamos sobre as vocacións Personaxes bíblicos que promoven a vida en comunidade: Os apóstolos. Compartimos xuntos tempo de calidade, celebrando a lectura dun relato bíblico de xeito especial: relacionado cos comezos dos apóstolos ou da Igrexa. A súa misión A igrexa e os sacramentos. Valorar a súa importancia como Comunidade que continuou coa misión de Xesús, recoñecendo positivamente súas tradicións e a contribución á Diocese. Atención especial da Igrexa aos que mais sofren.</p>	14	5			X
7	Celebrando tamén compartimos!	<p>Unidos a Deus e con alegría, celebramos a Vida e a misión da Igrexa. Os primeiros cristiáns. A solidariedade entre eles. Os templos e as festas mais importantes da nosa contorna. Unha forma de</p>	12	4			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Celebrando tamén compartimos!	comunicación e transmisión de cultura. Manifestacións tradicionais e culturais da zona: advocacións á María, patrón/patroa... Coidamos o que nos rodea. Lecturas (sobre como vivían os primeiros cristiáns, ou ¿Os discípulos de Emaús¿) no patio, para gozar da beleza da natureza e contemplar o agasallo da Creación de Deus. Arte: podemos comentar ademais do cadro de Leonardo da Vinci, ¿La última Cena. Corto: sobre o valor de compartir, ou a inclusión e respecto pola convivencia intercultural. Descubrimos proxectos da zona coma o de Cáritas, Conrazones ou SOS Tomiño (se é posible coa visita de algún voluntario á aula ou desprazándonos nós). Repaso de fin de curso ao tempo que preparamos a nosa carpeta de traballos, se temos	12	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Novo curso, novos retos!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	- Propon accións para coidar a natureza que o rodea - Preocúpase polos compañeiros/as, especialmente polos mais desprotexidos	TI	100
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	- É quen de aplicar as boas accións seguindo as ensinanzas de Xesús, como modelo - Implicase no coidado dos demais e da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade do ser humano. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.</li> <li>- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O coidado da contorna natural e social como casa común.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Cantos parecidos Contigo!	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	-Identifica e describe comportamentos da vida do rei David que se opoñen a vontade de Deus. -Compara a actitude de personaxes bíblicos traballados, con situacións persoais propias	TI	100
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	-É quen de definirse como un ser social creado/a polo Amor de Deus -Enumera características do perdón, do coidado ou da solidariedade de Deus en algúns relatos bíblicos. Recoñece e expresa artisticamente escenas da historia de David		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A centralidade da persoa na mensaxe cristiá.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Antigo e Novo Testamento.</li> <li>- A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- A proposta moral cristiá para a vida en sociedade.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
3	O mellor agasallo para Nadal!	5

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	- Narra con detalle distintas situacións que melloran a convivencia e facilitan a tarefa aos demais. - Colabora cos compañeiros /as con mais dificultades na elaboración da manualidade de Nadal	TI	100
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	- Entende que a Biblia é imprescindible para coñecer a historia do pobo de Israel, antes do nacemento de Xesús. - Recoñece a importancia dos relatos bíblicos para comprender moitas accións sociais e culturais que celebramos nestas datas, e ao longo de todo o ano litúrxico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes.</li> <li>- Tipos de oración: características e diferenzas.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Seguindo teus pasos!	5

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	- Analiza, comenta e crea relatos onde transporta á actualidade as parábolas do fillo pródigo e, do fariseo e o publicano - Esfórzase no coidado dos demais - Recoñece que nos pequenos detalles está o respecto a natureza	TI	100
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	- Busca, e comenta detalles da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos - Visualiza, en obras de arte, escenas de perdón e as explica aos compañeiros/as		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia.</li> <li>- A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Mirando desde a madeira da túa Cruz!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	- Analiza distintas situacións das lecturas das pasaxes bíblicas e é quen de relacionalas coa actualidade - É quen de interpretar, na aula, os distintos papeis dos personaxes máis importantes da Semana Santa	TI	100
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	- É quen de gardar silencio e facer un pequeno retiro cara seu interior para sentirse observador da Cruz de Xesús - Secuencia ordenadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación de Amor e obediencia co Pai		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos.</li> <li>- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Contigo, un grande equipo!	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos mais necesitados e os enfermos, nos textos que lemos do Novo Testamento.</li> <li>- Diferencia valores propios dun cristián, como seguidor de Xesús</li> <li>- Axuda aos seus compañeiros/as como así facían os Apóstolos e os 1<sup>o</sup>cristiáns entre eles</li> </ul>	TI	100
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vincula algúns símbolos, significados e momentos na celebración eucarística</li> <li>- Admira distintas expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade na contorna, valorando súa achega ao enriquecemento da Cultura</li> </ul>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Relatos bíblicos de vocación e misión.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás.</li> <li>- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Celebrando tamén compartimos!	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vincula símbolos, significados e momentos na celebración eucarística.</li> <li>- Recoñece a importancia do valor artístico e cultural da arte relixiosa na súa contorna e na Diocese</li> </ul>	TI	100
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- É quen de analizar o vínculo entre a mensaxe de Xesús e as tradicións e celebracións en comunidade, da Igrexa</li> <li>- Identifica asociacións sen ánimo de lucro da contorna como expresión de amor e fraternidade polos demais</li> </ul>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- María, Nai da Igrexa.</li> <li>- Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural.</li> <li>- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquira as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros.

A aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir RETOS.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplicalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos.

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

##### a) OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea. Tentar de coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida.

En Reli, tentarase de iniciar ao alumnado no desenvolvemento da busca do sentido último da vida, irán descubrindo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns e na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber. Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

. Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.

. Tentarei de motivar adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas

. Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía

. Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira

técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

. Terei en conta as características persoais de cada alumno/a.

**b) O AGRUPAMENTO DOS GRUPOS**

- Pequeno grupo.
- Traballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula será tal e como eles o desexen, agás observe algunha incompatibilidade á hora de facer as tarefas (si se distraen, si falan de máis...), momento en que eu farei a distribución do espazo con que contamos na aula.

**c) A ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS**

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Será unha organización o mais flexible posible, dentro das condicións nas circunstancias especiais que puidesen xurdir ao longo do curso e adaptándome á idade, actividade, motivación...

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Reli, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais e humanos
Recursos espaciais
Distintos recursos materiais
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Material informático e recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais e medios audiovisuais

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico" sinalase "Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, Biblioteca de aula...

Material impreso, coma os libros: as Biblias (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), parábolas en láminas de cores...

Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TIC e TAC): ordenador con conexión a internet, canón de video, CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos informáticos, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos...

Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Pode ser material reciclado, ao que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: tapas de botella rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar sus propios xogos ou adornos.

Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...

Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender e 2 mestras colaboradoras.

Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias básicas en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con actividades na pantalla da aula, visualizando cortos nos que identifiquen momentos relativos ás historias bíblicas.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, aproveitarei para facer unha avaliación inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	16	15	14	15	14	12	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase e seguimento do caderno ou, neste caso, das fichas elaboradas. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros.

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a) Parte actitudinal: 60% Aproveitamento do tempo.

Esfuerzo e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as Respecto ás normas de funcionamento na clase. Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 20% O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 10%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole...

d) Comportamento en xeral na aula: 10%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 45%

-2º trim. 29%

-3º trim. 26%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### **Cráterios de recuperación:**

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, solicitaréi, se fora necesario, axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado recupere, dado que se trata dunha avaliación progresiva nun currículo en espiral.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. No noso centro, este curso, tivemos a sorte de que a Administración permitiu a liña 3 en tódolos cursos de primaria, polo que a atención á diversidade se torna algo máis sinxela.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso nas probas de avaliación inicial nos permitirán detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender aquelas necesidades que levaron a dita repetición.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular (que neste curso non se dan) que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade de todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis



complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade e formación estética	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escritas, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Fomento do emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de E-A:

- \* Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- \* Igualdade entre mulleres e homes.
- \* Competencia dixital
- \* O fomento da creatividade no alumnado
- \* Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- \* Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
- \* Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- \* Expresión oral e escrita, positivas
- \* Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- \* Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- \* Educación emocional e en valores
- \* Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre.

Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Festas do calendario litúrxico (Advento, Nadal, Coresma, S.Sta e Pascua) e do calendario escolar	X	X	
Belen móbil	Con material reciclado (por decidir)	X		
Os cinco sentidos na lectura e no patio	Saídas ao patio que faremos con obxectivo de admirar a beleza do mundo que nos rodea e ler distintos textos bíblicos			X
Participar nunha carreira solidaria	Como xa se ven realizando os últimos cursos, unha carreira ENKI.	X		

### Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

"A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade"

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
idoneidade das actividades propostas no proceso de E-A
Os procedementos e instrumentos de avaliación, son axeitados
Priorizo os valores cristiáns e os procedementos, sobre os conceptos
Metodoloxía empregada
O alumno/a participa activamente de todo o proceso
incorporación axeitada das novas tecnoloxías no proceso de E-A
Consigo que o alumnado se implique e traballe ben en equipo
Emprego ferramentas TIC como elemento motivador e para afianzar coñecementos
Tento facer as clases amenas e motivadoras
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O alumnado traballa por equipos cos seus compañeiros/as
Busco un clima de benestar cos meus compañeiros e compañeiras
Medidas de atención á diversidade
Téñense en conta as características particulares de cada alumno/a
A atención é personalizada e axeitada á diversidade do alumnado
Utilizo medidas de atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
DE MIN MESMO/A COMO MESTRE/A
Traballo en equipo con outros compañeiros/as do Claustro.
Evito calquera maneira de discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente
Implico as familias en todo o proceso
Outros
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro
Avalío constantemente a miña propia práctica docente

## Descrición:

### PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

- Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

### INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes" polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

\* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

\* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC e TAC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso.

Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre o traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante o proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír o proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

\* Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos

alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

\* Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo

\* Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais) en,

-Fichas de actividades e xogos de cada U.D.

-Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre

-Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo

-Manualidades, pasatempos

-Xogos de mesa, de creatividade,

-Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador,..

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, incidencias, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaréinas no programa XADE cada trimestre.

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

### PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua, levase a cabo unha revisión da programación ao remate de cada trimestre. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
  - No referido ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
  - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
  - Propostas xerais de mellora e outras observacións.
2. Actividades complementarias (realizadas ou non).  
Recollerase as actividades realizadas e as non realizadas, como proposta de mellora ou conveniencia de realizalas nos seguintes cursos en base á súa pertinencia pedagóxica e/ou organizativa.

## **9. Outros apartados**

### **1. Nada que destacar**

-